Formación profesional - Fondo social europeo 2007-2013

No novo programa operativo do Fondo Social Europeo (2007-2013) a Administración educativa contempla as seguintes operacións (actuacións) que teñen como finalidade ampliar e mellorar a inversión en capital humano.

- ***Recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias*** adquiridas pola experiencia laboral e os procesos formativos (formais e non formais). Realizaranse, basicamente, a través dos Centros Integrados de Formación Profesional. Para iso constituiranse comisións de avaliación que desenvolverán estas funcións. Anualmente convocaranse probas a través do DOG para que as persoas adultas que teñan experiencias laborais ou teñan realizado cursos de formación non regrados poidan realizar procesos de recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias adquiridas ao longo da vida.

- ***Actualización permanente*** dos coñecementos dos formadores de formación profesional e de itinerarios integrados de inserción, mediante formación especializada, particularmente en NTIC e en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Realización de actividades formativas (cursos, seminarios, encontros, grupos de traballo, proxectos de formación en centros), dirixidos ao profesorado que imparte ensinanzas de formación profesional, programas de garantía social ou de cualificación profesional inicial. Así mesmo preténdese formar tamén aos orientadores profesionais, encargados de deseñar os itinerarios integrados de inserción laboral. Terase en conta a formación especializada en NTIC e na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- ***Actividades en rede entre institucións de ensinanza superior, centros de investigación e empresas.*** A finalidade desta actuación é a de realizar proxectos de I+D+i entre os centros integrados de formación profesional, as universidades, as empresas e os centros tecnolóxicos.

- ***Formación profesional regrada en módulos relacionados coa sociedade da información***. Conxunto de ciclos formativos da familia profesional de informática, de grao medio e superior cunha duración total de entre 1300 e 2000 horas, que se organizan en módulos profesionais de formación teórico-práctica. A finalidade é preparar aos alumnos para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións deste sector produtivo, proporcionándolles unha formación polivalente que lles permita adaptarse ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súa vida.

- ***Desenvolvemento de novas modalidades de oferta formativa para a adquisición de competencias básicas e as correspondentes titulacións.*** Cursos de formación impartidos polos IES e centros integrados de formación profesional de acordo co catálogo de cualificacións do Sistema Nacional de Cualificacións. Teñen como finalidade á adquisición de competencias básicas en distintos sectores produtivos. Publicarase unha convocatoria no DOG nas que establecerán os requisitos para poder impartir estes cursos.

- ***Programas de cualificación profesional inicial e/ou programas de garantía social.*** Dunha duración de 1 ou 2 curso/s académico/s, dirixidos ao alumnado maior de dezaseis anos que non obtivo a titulación de ESO. Impartiranse nos centros públicos que impartan ESO e nos que haxa un mínimo de alumnos que garanta que súa realización se faga con eficacia e eficiencia.

- ***Medidas de orientación, reforzo e apoio*** ao alumnado que ten dificultades para seguir con normalidade a educación secundaria obrigatoria. O Plan Nacional de Reformas de España (PNR) destaca que o fracaso escolar mantense en niveis moi levados en comparación cos países do noso contorno, sendo o abandono escolar prematuro moi alto.

Todas estas operacións están financiadas nun 80% polo Fondo Social Europeo (FSE).